

---

## 28 HISTORIAS PARA RIR

Textos de **URSULA WÖLFEL**

Ilustracións de **JOÃO VAZ DE CARVALHO**

Tradución de **FRANCK MEYER**

---

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 72 páx. 15 €.  
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

**28 historias para rir** (galego)

ISBN 978-84-8464-496-5. Sete Leguas.

**28 historias para reírse** (castelán)

ISBN 978-84-8464-497-2. Siete Leguas.

**28 histórias para rir** (portugués)

ISBN 978-972-8781-54-5. Sete Léguas.

**28 storie per ridere** (italiano)

ISBN 978-84-8464-476-7. Sette Leghe.

*Unha vez un home tiña tanta présa que quería non precisar ningún tempo para nada...*

*Había un paxaro tan voraz que non aturaba ver que os outros paxaros tivesen algo que picar...*

*Unha vez había unha porca que sempre se enfadaba cando a xente lle chamaba "porca". Prefería que lle chamasen Rosa...*


Un rato rodeado de exquisitos manxares e que, indeciso ante a abundancia, queda sen probar ningún; dous touros presumidos que aburren as vacas; un home con tanta présa que xa non sabe onde vai... e así ata "28 historias para rir".

Ursula Wölfel reuniu neste volume un brillante conxunto de relatos humorísticos baseados no *nonsense*, con certa carga surrealista pero invitando a reflexionar sobre a súa lóxica interna.

Por moi inverosímil e disparatada que soe cada aventura, o público acaba sendo solidario e comprensivo cos estraños comportamentos dos personaxes.

Este libro forma parte da divertida serie de microcontos inaugurada con "27 historias para tomar a sopa" e completada con "29 historias disparatadas". Trátase dun xénero que atrae a atención do público infantil, especialmente ao contar cun apoio visual tan atractivo e vistoso como o que propón João Vaz de Carvalho, con ilustracións nas que o deseño e a cor xogan un papel tan importante, que enriquecen o texto.

Cada historia contén brillantes raiolas de enxeño: alimentan a imaxinación e transportan a un mundo onde todo é posible.



---

■ **Temática:** relatos breves de humor.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** humor, *nonsense*, absurdo, escrita creativa; xogo cromático; da autora de "[27 historias para tomar a sopa](#)" e "[29 historias disparatadas](#)"; do ilustrador de "[A avoa adormecida](#)" e os libro-discos "[O carnaval dos animais](#)" e "[Na punta do pé](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

[http://bit.ly/28historiasKLLg\\_avance](http://bit.ly/28historiasKLLg_avance)

---

### Ursula Wölfel

(Ruhrgebiet, 1922 - Heidelberg, 2014)

Estudou Filoloxía Alemá, Pedagogía e Historia en Heidelberg. Trala II Guerra Mundial foi axudante de escola e traballou nun colexio de educación especial en Darmstadt. En 1959 escribiu o seu primeiro libro infantil e ao ano seguinte centrouse na investigación deste xénero literario. Recibiu moitos galardóns, como o Premio Especial de Literatura Infantil e Xuvenil en Alemaña (1991) por toda a súa obra.

<http://www.ursula-wölfel.de>

### João Vaz de Carvalho

(Fundão, Portugal, 1958)

Estudou pintura no taller de Vasco Berardo, en Coimbra, entre 1981 e 1984. Colaborou con revistas como Marie Claire, Cosmopolitan, Exame, Gentleman, Pais & Filhos e Diário de Notícias/Notícias Magazine. Dedicase a ilustrar álbums infantís e portadas de libros para varias editoriais. A súa obra participou en diversas exposicións. Foi galardoado na Bienal Internacional de Ilustración Infantil, en Barreiro (Portugal), nos Premios Visual e no certame Creative Quarterly (Estados Unidos).

<http://www.jvazcarvalho.com>

---

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---